

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA 06/03/2023  
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
MATILDE LAYA LORENZO  
ARGIMIRO SERÉN MERA  
DIEGO GARCIA SANTIAGO  
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO  
LUZ MARIA ABALO PÉREZ

Lista de non asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:40 horas do día 06/03/2023 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión . Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 27-feb-2023, que se aprobou por unanimidade.

## **RÉXIME INTERIOR**

### **PRP2023/0763**

Dáse conta que na X.G.L. do 16/01/23 e do 23/01/23 , adxudicáronse varios acordos de mantemento á empresa Ozona Consulting SL, cando o nome correcto da empresa é Ozona Tecnoloxías de la Información SL.

O número de rexistro das facturas correspondentes aos acordos anteriores son: 2023/663, 2023/664, 2023/1075 e 2023/665.

A empresa Ozona Consulting SL comunicou ao Concello mediante rexistro telemático nº WEB2022004892, con data 21/07/2022 o cambio do nome fiscal. O CIF sigue sendo o mesmo (adxunta copia do CIF).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o cambio do nome da empresa nas correspondentes adxudicacións.

### **PRP2023/0789**

Dáse conta das actas en relación co expediente de expropiación forzosa para a urxente ocupación das fincas municipais afectadas polas obras do Proxecto de construción de pantallas acústicas eixo atlántico, tramo Vigo- Padrón.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2023/0576**

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para o pago dos dereitos de conexión eléctrica do Albergue de Carril, por importe de 727,42 € (IVE incluído) con cargo á partida 165.213, de conformidade co orzamento presentado pola Empresa UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD SA - CIFA63222533.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2023/0801**

Dáse conta do acordo asinado entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e Dona Estefanía Costa Cancelo, propietaria da parcela situada en rúa Campanario - Bamio, Polígono 4, Parcela 1018 (Castiñeiros), do Concello de Vilagarcía de Arousa, con referencia catastral nº 36060A00401018000HJ, mediante o cal a Sra. Costa Canelo manifesta a súa vontade de autorizar gratuitamente ao Concello de Vilagarcía de Arousa o dereito de paso dunha tubaxe de augas pluviais para dar saída á rede de augas pluviais que existe na Rúa Campanario-Bamio cara unha antiga presa de rego que continúa por abaixo de dita parcela cara o regato existente da zona de Campanario.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a sinatura do citado acordo.

### **BENESTAR SOCIAL**

#### **EMPREGO**

##### **PRP2023/0735**

Vista a proposta da Concellería de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a KAEME Constuloría e Prevención SL a realización e impartición dun programa formativo en inclusión e capacitación dixital no Centro de Formación de matosinhos, na aula CEMIT no ano 2023 (de marzo a decembro), por un importe total de 14.750€, con cargo á partida 241.22799, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

#### **MULLER E PERSOAS MAIORES**

##### **PRP2023/0792**

Vista a proposta da Concelleira delegada da Área das Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a organización de 10 visitas guiadas á Illa de Cortegada de aproximadamente 2,5 horas de duración para 20 persoas en cada viaxe, realizadas pola empresa CORTICATA, sen custe económico para o Concello.

### **CULTURA**

##### **PRP2023/0780**

Vista a solicitude de Dona M<sup>a</sup> Josefa Longo Blanco, en representación da de Cofradía dos Anxos, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da romería dos Anxos en Trabanca Sardiñeira o vindeiro día 6 de agosto de 2023:

- Actuación da Asociación Coral Rosalía de Castro por un importe de 335,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

### **PRP2023/0781**

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños Agustín Romero, por un importe total de 1.800,00€:

PROVEEDOR	CIF/NIF	CONCEPTO
ANA BELEN DÍAZ CASAL	35461962X	Limpeza Centro Cultural de Cornazo durante o ano 2023(dous días á semana, luns e xoves, 2 hrs. cada día a razón de 150,00 mensuais)

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2023/0782**

Vista a solicitude de Asociación Subida ao Monte do Pobo de Carril, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da romaría de San Roque en Carril o vindeiro día 13 de agosto de 2023:

- Actuación da Asociación Cultural Airiños do Carril por un importe de 268,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

### **PRP2023/0783**

Vista a solicitude de Don Manuel A. Couceiro Cachaldora, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración das festas de San Pedro de Fontecarmoa os vindeiros días 24 e 25 de xuño de 2023:

- Actuación do Grupo Folclórico Mocidade da Torre 83 por un importe de 391,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2023/0784**

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a realización dun Concerto na Igrexa do Convento de Vista Alegre, o día 13 de maio de 2023, a cargo do grupo de voces TOLEMIA'S CONSORT, acompañado de piano, por un importe total de 1.400,00 € (IVE exento), con cargo á partida 334.22609.

A programación desta actuación consta de 2 partes:

- 1ª Parte de obras de música Sacra a Capela.
- 2ª Parte pezas contemporáneas.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **CONTRATACIÓN**

#### **PRP2023/0786**

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, en sesión de 24 de febreiro de 2023, de modificación do acordo adoptado en data 29/07/2022, pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial núm. 12.32012 polo que se concedeu ao Concello de Vilagarcía de Arousa, no marco do Plan Concellos 2022-2023 liña 1 – investimentos (anualidade 2022) polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 238.384,84 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Reforma de instalacións, pavimentos e elementos construtivos do cemiterio de Rubiáns” (Expte. 2022011604) cun orzamento de 266.200,00 €; a entidade municipal financia con fondos propios 27.815,16 €. En data 31/01/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do Concello de Vilagarcía de Arousa na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto (anualidade 2023) unha subvención por importe de 27.815,16 €, con destino ao financiamento da achega municipal no investimento “Reforma de instalacións, pavimentos e elementos construtivos do cemiterio de Rubiáns”.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

. Modificar o acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial nº12.32012 do día 29 de xullo de 2022, aos efectos de que o investimento “Reforma de instalacións, pavimentos e elementos construtivos do cemiterio de Rubiáns” (Expte. 2022011604) que se financia coa subvención da Deputación dentro do Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2022), pase a ter carácter bienal, financiándose a achega municipal con cargo á anualidade 2023 do Plan Concellos 2022-2023; quedando o cadro de financiamento do devandito investimento tal que como se reflicte deseguido:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos Propios €
2022	266.200,00	238.384,84	0,00	0,00
2023		27.815,16	0,00	0,00
TOTAL	266.200,00	266.200,00	0,00	0,00

a. Autorizar e comprometer o gasto, por importe de 27.815,16 €, na aplicación 2023/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.

b. Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da

subvención.

c. O resto do texto do acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 29 de xullo de 2022, núm.12.32012, permanece invariable.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2023/0818**

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 30 de xaneiro de 2023, aprobou o proxecto técnico denominado “Urbanización da rúa Ameixeiras”, redactado polo arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, por importe (IVE engadido) de 75.798,64€; e acordou solicitar a súa cofinanciación á Deputación Provincial de Pontevedra, pola cantidade de 39.109,21€, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, anualidade 2023.

Con data 13 de febreiro de 2023 a Xunta de Goberno Local acordou modificar a solicitude de subvención efectuada para o investimento “Urbanización da rúa Ameixeiras”, no que respecta ao importe a financiar con cargo ao Plan Concellos, pasando a ser a cantidade solicitada de 58.763,10€.

Recibido requirimento de emenda polo citado organismo provincial (rexistro de entrada 2023002719 de 28 de febreiro de 2023); o arquitecto municipal, redactor do proxecto, presentou proxecto corrixido de conformidade co solicitado pola Deputación Provincial de Pontevedra, asinado con data 2 de marzo de 2023.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar o proxecto técnico, corrixido de conformidade ao requirimento efectuado pola Deputación Provincial de Pontevedra, redactado polo arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, denominado “Urbanización da rúa Ameixeiras”; que mantén o orzamento de execución por contrata (IVE engadido) de 75.798,64€.
2. Remitir á Deputación Provincial de Pontevedra o referido proxecto corrixido en cumprimento do requirimento efectuado.

## **FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS**

### **PRP2023/0815**

Visto o expediente de gasto INT/2023/58 integrado pola relación de xustificantes F/2023/6 por importe de 160.524,90€.

Vista a Base 21<sup>a</sup>.1 das B.E.O 2022 prorrogadas ao exercicio 2023, pola cal poderanse aplicar aos créditos do orzamento, no momento do seu recoñecemento, as obrigas, aínda correspondendo a gastos de exercicios anteriores a que se refire o parágrafo segundo do artigo 26 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

Vistas a base 21<sup>a</sup>.2 das B.E.O 2022 prorrogadas ao exercicio 2023, pola cal enténdese por práctica administrativa contable e se exceptúan do Recoñecemento Extraxudicial de Crédito:

Contratos de subministro ou de servizos que sexan de tracto sucesivo e correspondan como máximo o derradeiro trimestre do exercicio inmediatamente anterior que, habitualmente, se presenta a principios do exercicio seguinte, sempre que se verifique que polo mesmo concepto non se apliquen con cargo a un mesmo orzamento máis de 12 meses naturais.

Contratos de subministro ou de servizos para os que o seu período de facturación non sexa mensual segundo o contrato, sendo o último mes do período de facturación o de decembro.

Contratos menores executados con data 30/31 de decembro, e resulte materialmente imposible o

seu rexistro contable no exercicio económico o que corresponden, sempre e cando a natureza e entidade económica do gasto non comprometa a finalidade do principio de temporalidade dos créditos, aspectos que deberá valorarse pola Intervención en cada caso.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

Considerando que a imputación do gasto do exercicio anterior non vai afectar ás necesidades económicas do servizo ao longo do exercicio 2023.

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: En virtude do establecido na Base 21 do orzamento, Imputar o gasto do exercicio 2022 aos créditos das aplicacións do orzamento corrente (2022 prorrogado), segundo se indica.

SEGUNDO: Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas N° F/2023/6 por importe de 160.524,90€. co seguinte desglose:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Importe Total	Programa	Economica	Nombre	Texto Explicativo
F/2023/19	F 222407	1.076,40	926	2260201	GRAFICAS ANDURIÑA, SCG	Revistas de 56 páxinas a 1/1 tinta (negro)+ portadas con 2 solapas de 10 cm., a 1/0 tintas (negro) plastificadas 1/cara
F/2023/28	02148000035522F	318,42	241	22700	CLECE, S.A.	EDIFICIO MATOSINHOS Diciembre de 2022Importe servizos
F/2023/29	02148000035222F	51.430,76	320	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza de centros educativos Diciembre de 2022CEIP RUBIANS / Servizo de limpeza de centros educativos Diciem
F/2023/32	02148000036022F	69,91	241	22700	CLECE, S.A.	EDIFICIOS E INSTALACIONES DE PROMOCIÓN ECONOMICA (EMPLEO): ESCUELA OBRADOIRO Diciembre de 2022Escuela Obradoiro
F/2023/36	02148000036322F	359,72	920	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza en OFICINA MUNICIPAL E GAC EN A MAROMA Diciembre de 2022GAC / Servizo de limpeza en OFICINA MUNICIPAL
F/2023/42	02148000036722F	115,66	920	22700	CLECE, S.A.	Servicio de limpieza semanal en la OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN DIGITAL situada en la PRAZA ARCEBISPO LAGO durante e
F/2023/47	F 222423	393,25	334	22602	GRAFICAS ANDURIÑA, SCG	Polípticos de 4 cuerpos a 4/4 tintas sin hendidos y plegados a 10x21 cm. PROGRAMACION CULTURAL ENERO 2023
F/2023/51	2023 005	605,00	926	22641	BALSA PUBLICIDAD, S.L.	RADIO GALEGA.DESCONEXIÓN PONTEVEDRA-CONCELLO DE VILAGARCIA-NADAL-25 CUÑAS DE 20"" HORARIOS DE ROTACION-DECEMBRO 2022
F/2023/59	SASE23- 214	6.636,90	4311	22799	SASEGUR, S.L.	SERVICIO DE SEGURIDAD PRESTADO CON MOTIVO DEL EVENTO ""MERCADO DE NADAL 2022"", EN PRAZA DA II REPÚBLICA DE VILLAGARCÍA DE
F/2023/300	12212 28	423,50	926	22641	COMERC. DE MEDIOS GRUPO EL PROGRESO S.L.U.	BANNER 300X300 CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA DURANTE 15 DÍAS EN DIARIO DO SALNES
F/2023/304	P22 011808	726,00	926	22641	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	VILAGARCIA CONCELLO (Fin de Ano Arousa); DIC-31; Monográficos Voz Galicia (I); Arousa; Media Página color; 5x5 MOD;
F/2023/3	V2200722	975,38	132	22103	AREA DE SERVICIO A	GASOLEO A ( Matricula: 5171DLH )

97					BARCA, S.L.	/ BONIF. APLICADA RD6/2022 15,82 € ( Matricula: 5171DLH ) / BONIF. APLICADA RD6/2022
F/2023/4 11	V2200015	88,61	2311	22103	AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L.	BONIF. APLICADA RD6/2022 8,61 € ( Matricula: PO3189BL ) / GASOLEO A ( Matricula: PO3189BL )
F/2023/4 12	V2200014	1.487,43	132	22103	AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L.	BONIF. APLICADA RD6/2022 9,43 € ( Matricula: 5171DLH ) / GASOLEO A ( Matricula: 5171DLH ) / GASOLEO A ( Matricula: 7897
F/2023/5 42	A/1	1.996,50	4311	203	GALBAN ZARAGOZA, CARLOS	INSTALACIÓN EQUIPO DE SONA PLAZA DA II REPÚBLICA DURANTE A CAMAÑA MERCADO DE NADAL 2022, DECEMBRO 2022. (PROMO. ECO.)
F/2023/6 26	CDF 230001	1.482,25	920	22799	CDF CONSULTORIA Y GESTION FORMATIVA, S.L.	SERVIZOS DE CONSULTORÍA - DEPARTAMENTO TÉCNICO ( ) / Servicio de asistencia técnica ao cidadán a través do punto de
F/2023/6 36	1068 231100303	20,74	338	22699	BAYGAR, S.L.	TUBO FLEXIBLE ESCAPE 30mm
F/2023/6 74	02148000000623F	51.430,76	320	22700	CLECE, S.A.	Servizo de limpeza de centros educativos Enero de 2023CEIP RUBIANS / Servizo de limpeza de centros educativos Enero de 2
F/2023/6 79	02148000000923F	318,42	241	22700	CLECE, S.A.	EDIFICIO MATOSINHOS Enero de 2023Importe servizos
F/2023/6 83	02148000001423F	69,91	241	22700	CLECE, S.A.	EDIFICIOS E INSTALACIONES DE PROMOCIÓN ECONOMICA (EMPLEO): ESCUELA OBRADOIRO Enero de 2023Escola Obradoiro
F/2023/6 85	02148000001923F	2.621,45	2311	22700	CLECE, S.A.	EDIFICIOS E INSTALACIONES SANITARIAS: SERVICIO PREVENTIVO ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIA SPAD Y UNIDAD DE SALUD MENTAL
F/2023/6 90	02148000002223F	225,00	320	22700	CLECE, S.A.	Ampliación del servicio de limpieza en el Colegio de Educación Especial de Villagarcía durante el presente mes DE Enero 2
F/2023/7 13	0 V 75	357,50	221	16201	DISBEPO, S.L.	SANXINES BOTELLONES 20L / SANXINES BOTELLONES 20L / ADMINISTRACION GENERAL / CARMEN CORES
F/2023/7 31	4003609757	15.963,47	920	22201	SOC. EST. CORREOS TELEG., SA	Carta Certificada ES 0 - 50 gr D1(GRANDES CIUDADES) G-1 ( 01 EXENTO ) / Carta Certificada ES 0 - 50 gr D2(RESTO) G-1 ( 0
F/2023/8 99	F 230189	520,30	334	22602	GRAFICAS ANDURIÑA, SCG	Polipticos de 4 cuerpos a 4/4 tintas sin hendididos y plegados a 10x21 cm. PROGRAMACION CULTURAL FEBRERO 2023
F/2023/9 36	FAC 282274	2.896,74	920	22000	REDINOR, S.L.	PAPEL NAVIGATOR 80 GRS A4 PROMOCION ESPECIAL PALET 60 CAJAS / ENTREGAR POR LA MAÑANA
F/2023/9 41	Emit- 435	573,14	338	22699	INTERMACO, S.L.	CORTINA FLECOS ( N° ALBARAN 286 RESPONSABLE DE COMPRAS DOLORES BARREIRO ) / TIRA NAVIDAD ( N° ALBARAN 286 RESPONSABLE DE
F/2023/1 005	VIG01 22007825	3.458,58	2311	22701	GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, S.A.	SERVICIO DE PREVENCION Y ASISTENCIA A DROGODEPENDIENTES (SPAD) /

						IMPORTE DE LOS SERVICIOS DE VIGILANCIA / PRESTADOS EL M
F/2023/1006	VIG01 23000183	3.458,58	2311	22701	GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, S.A.	SERVICIO DE PREVENCION Y ASISTENCIA A DROGODEPENDIENTES (SPAD) / IMPORTE DE LOS SERVICIOS DE VIGILANCIA / PRESTADOS EL M
F/2023/1032	V2300014	2.505,06			AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L.	GASOLEO A ( Matricula: E9962BBJ ) / S/P 95 ( Matricula: GARRAFAS ) / GASOLEO A ( Matricula: E9962BBJ ) / GASOLEO A ( Mat
F/2023/1035	V2300011	50,00	2311	22103	AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L.	GASOLEO A ( Matricula: PO3189BL )
F/2023/1036	V2300010	1.221,71	132	22103	AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L.	GASOLEO A ( Matricula: 5171DLH ) / S/P 95 ( Matricula: 7897KZY ) / S/P 95 ( Matricula: 7894KZY ) / S/P 95 ( Matricula: 7
F/2023/1056	Emit- 0423	4.840,00	334	22609	IBUPROFENO TEATRO, S.L.	Representación do espectáculo 'Smoke on the water' no Auditorio Municipal de Vilagarcía o 11 de febreiro de 2023 dentro
F/2023/1066	23A020010	713,90	171	22615	OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO, S.L.	UD TABLERO+LISTONES+TORNILLERIA / H MANO OBRA / UD PORTES Y DESPLAZAMIENTOS
F/2023/1119	REP-23 001	223,95	334	22602	BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD, S.L.	ENERO. - Reparto de material publicitario de actividades de caracter cultural.
F/2023/1229	D-1/2023	200,00	2313	48401	EMPRESA PEREIRA, S.L.	RECARGAS BONO BUS XUBILADO MES XANEIRO 2023. (PERSONAS MAIORES)
F/2023/1232	23033	670,00	1720	213	PADIN SILVA, FRANCISCO	SOPRADOR HUSQVARNA. MEDIO AMBIENTE
	TOTAL	160.524,90				

TERCEIRO: Reintegro do crédito sobranse no seguinte acordo, como consecuencia de variacións xurdidas durante a execución do contrato en cuestión e informada favorablemente polos órgano xestor responsable do contrato:

Nº Operación	Fase	Fecha	Aplicación	Importe	Texto Libre	Modificación
220230000093	AD	23/01/2023	171 22615	774,40	ADXUD. REPARACIÓN DE VARIAS PEZAS DUNHA PONTELLA QUE UNE DÚAS ESTRUTURAS DO PARQUE INFANTIL.	-60,50

### PRP2023/0816

Visto o expediente de gasto INT/2023/66 integrado pola relación de xustificantes F/2022/8 por importe de 92.341,55 €.

Vista a Base 21ª.1 das B.E.O 2022 prorrogadas ao exercicio 2023, pola cal poderanse aplicar aos créditos do orzamento, no momento do seu recoñecemento, as obrigas, aínda correspondendo a gastos de exercicios anteriores a que se refire o parágrafo segundo do artigo 26 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Recoñecemento de obriga para a relación de facturas n.º F/2023/8 por importe de 92.341,55 € co seguinte desglose :



Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Nombre	Texto Explicativo	Programa	Economica
F/2023/1241	23/02/2023	RSA 23000010	23/02/2023	5.774,08	ARALIA SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.	SERVICIO DE AYUDA A DOMICILIO EN VILAGARCIA DE AROUSA EN LA MODALIDAD DE LIBRE CONCURRENCIA DURANTE EL MES DE DICIEMBRE	231	22725
F/2023/1242	23/02/2023	RSA 23000011	23/02/2023	86.567,47	ARALIA SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.	SERVICIO DE AYUDA A DOMICILIO EN VILAGARCIA DE AROUSA EN LA MODALIDAD DE DEPENDENCIA, DE LUNES A SABADO DURANTE EL MES D	231	22725
			TOTAL	92.341,55				

### PRP2023/0817

Visto o expediente de gasto INT/2023/68 integrado pola factura 2023/48 por importe de 1.026,00 €.

Vista a Base 21ª.1 das B.E.O 2022 prorrogadas ao exercicio 2023, pola cal poderanse aplicar aos créditos do orzamento, no momento do seu recoñecemento, as obrigas, aínda correspondendo a gastos de exercicios anteriores a que se refire o parágrafo segundo do artigo 26 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Recoñecemento de obriga da factura 2023/48 por importe de 1.026,00 € co seguinte desglose :

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Nombre	Texto Explicativo	Programa	Economica
F/2023/48	10/01/2023	2022 00139	31/12/2022	1.026,00	AFAGA ALXHEIMER	OBRADOIROS DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA E PSICOMOTRIZ IMPARTIDOS NO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA DECEMBRO 2022	2313	22610
			TOTAL	1.026,00				

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.